

INFORME

Área intervención

Nº ref.: 03/09/2020

(MLD/bam)

Asunto: Análise do cumprimento en orzamento inicial da estabilidade orzamentaria no exercicio 2021

Mónica Legaspi Díaz, Interventora do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento, en cumprimento do art.16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, informa o seguinte en relación **co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria do orzamento de 2021.**

1.- Normativa aplicable

- Constitución Española de 1978
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola Orden HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das Comunidades Autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público

- Manual de Cálculo do Déficit Público, adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local.

2.- Concepto da estabilidade orzamentaria

A Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en adiante LOEOSF) ten como obxecto o establecemento dos principios reitores, que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público orientada á estabilidade orzamentaria e á sustentabilidade financeira, como garantía do crecemento económico sostido e a creación de emprego, en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución Española (reformado en setembro do 2011). Este artigo sinala expresamente:

1. Todas las Administraciones Públicas adecuarán sus actuaciones al principio de estabilidad presupuestaria.

2. El Estado y las Comunidades Autónomas no podrán incurrir en un déficit estructural que supere los márgenes establecidos, en su caso, por la Unión Europea para sus Estados Miembros.

Una Ley Orgánica fijará el déficit estructural máximo permitido al Estado y a las Comunidades Autónomas, en relación con su producto interior bruto. Las Entidades Locales deberán presentar equilibrio presupuestario.

...

Según o art. 3 da LO 2/2012 *“la elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito subjetivo de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, coherente con la normativa europea”*

A LOEOSF define o **principio de estabilidade orzamentaria** como a situación de equilibrio ou superávit estrutural e establece que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.

Ademais do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, a LOEOSF esixe o cumprimento da **Regra do Gasto** e o **principio de sustentabilidade financeira**, referida esta última ao volume de débeda pública.

En canto ao principio de sostibilidade financeira, o artigo 13 da LOEOSF establece o seguinte: 1. *El volumen de deuda pública, definida de acuerdo con el Protocolo sobre Procedimiento de déficit excesivo, del conjunto de Administraciones Públicas no podrá superar el 60 por ciento del Producto Interior Bruto nacional expresado en términos nominales, o el que se establezca por la normativa europea.*

Este límite se distribuirá de acuerdo con los siguientes porcentajes, expresados en términos nominales del Producto Interior Bruto nacional: 44 por ciento para la Administración Central, 13 por ciento para el conjunto de las Comunidades Autónomas y 3 por ciento para el conjunto de las Corporaciones Locales.....

2. La Administración Pública que supere su límite de deuda pública no podrá realizar operaciones de endeudamiento neto.

.....

5. La autorización del Estado, o en su caso de las Comunidades Autónomas, a las Corporaciones Locales para realizar operaciones de crédito y emisiones de deuda, en cumplimiento de lo establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, tendrá en cuenta el cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública, así como el cumplimiento de los principios y las obligaciones que se derivan de la aplicación de esta Ley.

No primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, o artigo 21 da LOEOSF senta a obriga de que a administración incumpridora formule un plan económico financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo. O

plan económico financeiro elaborado deberá ser presentado ante o Pleno da Corporación no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento, aprobado no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación, e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

O Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais estableceu (artigo 16.2) que “...a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O Interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Así mesmo, a Intervención da entidade local elevará ao Pleno informe sobre os estados financeiros, unha vez aprobados polo órgano competente, de cada unha das entidades dependentes do artigo 4.2 do presente regulamento.

Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno.”

Para dar cumprimento ao disposto no art. 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, mediante acordo do Consello de Ministros do 11 de febreiro de 2020 determináronse os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período **2021-2023**. O obxectivo para as Entidades Locais consiste en obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro ou, por dicilo doutro xeito, que o resultado do indicador capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento para as Entidades Locais sexa 0,0 en cada anualidade do período considerado.

2020	2021	2022	20230
0,00	0,00	0,00	0,00

Canto se expuxo permite formular unha primeira consideración, que se refire á necesidade de avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade Orzamentaria con motivo da aprobación do Orzamento, das Modificacións de Créditos que consistan en créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e da Liquidación do Orzamento das Entidades Locais. Unha segunda consideración, vinculada á expresada, implica interpretar que corresponde aos Servizos da Intervención Local informar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao tramitarse o Orzamento, as Modificacións daquel relativas a Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e a súa liquidación.

A tal fin elaborouse, pola Intervención Xeral da Administración do Estado o “Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais” (1ª Edición). Á vista do contido do devandito Manual é necesario efectuar as seguintes consideracións previas:

1ª) Da información documental dispoñible na Intervención Provincial dedúcese que forma parte da “Unidade Institucional” da Deputación Provincial de Ourense como entidade dependente, o Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento. En aplicación do artigo 4.1 do Real Decreto 1463/2007, os organismos autónomos e entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

Como os datos necesarios para a elaboración destes orzamentos facilitáronse ao órgano de Intervención unha vez xa estaban rematados os da Unidade Institucional da que depende, a Deputación Provincial de Ourense, non puidéronse consolidar ditos orzamentos tal e como obriga o artigo 4.1 do Real Decreto 1463/2007.

Polo tanto, analizaremos neste informe o obxectivo de estabilidade orzamentario soamente para o Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento.

3.- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria para o Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento con motivo da aprobación do orzamento do exercicio 2021

O obxectivo de estabilidade orzamentaria ven expresado en termos de contabilidade nacional; é dicir, aplícanse os criterios metodolóxicos do Sistema Europeo de Contas (SEC 2010). Para determinar o cumprimento deste obxectivo no Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento de 2021, faise necesario establecer a equivalencia entre o saldo orzamentario por “operacións non financeiras” e o saldo de contabilidade nacional (capítulos I a VII).

Para a realización destes axustes, seguiranse os criterios especificados pola IGAE no "Manual de cálculo do déficit na contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais".

Os axustes que se van realizar, como consecuencia das diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, refírense aos seguintes supostos:

A) INGRESOS:

Axustes a realizar

Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

(No citado manual establécese que “a capacidade/necesidade de financiación das administracións públicas non pode verse afectada polos importes de impostos e cotizacións sociais cuxa recadación sexa incerta”, polo tanto interpretase que, como para elaborar o orzamento se utilizan como referencia os dereitos recoñecidos e non os recadados en exercicios anteriores, procede facer o axuste que se describe despois sobre os ingresos dos capítulos 1 a 3.)

Capítulos	a) DR 2019	Recadación 2019		d) Total recadación	Ajuste
		b)Exercicio corrente	c) Exercicios pechados		
3	116.792,55 €	116.792,55 €	0,00 €	116.792,55 €	0,00

Capítulo 5 do Estado de Ingresos.

En contabilidade nacional rexe o principio de devengo, polo tanto, a fin de exercicio deberán incorporarse os intereses explícitos devengados no exercicio, tanto os vencidos como os non vencidos. Efectuarase un axuste pola diferenza entre os dereitos recoñecidos no orzamento e os intereses devindicados, de xeito que este axuste será positivo se o importe dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe devindicados, e un axuste negativo en caso contrario.

No caso particular do Consorcio, e de acordo co principio de importancia relativa, os xuros devindicados a favor de dito Consorcio por depósitos en contas bancarias con un importe significativo son os devindicados nas entidades financeiras. Os vencementos dos mesmos son trimestrais aboándose e imputándose ó orzamento de ingresos o derradeiro día do trimestre natural, polo que **non é preciso realizar axuste ningún** ó coincidir os importes devindicados en cada exercicio cos importes imputados orzamentariamente.

B) GASTOS

Axustes por gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.

Estes son os gastos recollidos na conta 413 no seu haber polo importe dos pendentes de aplicar a 31 de decembro e, no seu debe, polos aplicados ó longo do exercicio, procedentes do exercicio anterior. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos minóranos, pois xa o incrementaron o ano anterior e neste volven a incrementalos mediante a súa aplicación ao orzamento, polo que debe compensarse esta dobre imputación aumentando o superávit.

Non existe saldo na conta 413.

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes orzamentados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, arroxa capacidade de financiación no orzamento do Consorcio.

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII orzamento corrente	4.311.000,00 €
b) Créditos previstos capítulos I a VII orzamento corrente	4.310.500,00 €
c) TOTAL (a – b)	500,00
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	0,00
2) Axustes recadación capítulo 2	0,00
3) Axustes recadación capítulo 3	0,00
4) Axuste por liquidación PIE-2008	0,00
5) Axuste por liquidación PIE-2009	0,00
6) Axuste por liquidación PIE-2011	0,00
7) Axuste por devengo de intereses	0,00
8) Axuste por arrendamento financeiro	0,00
9) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00
10) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar ao orzamento	0,00
d) Total axustes orzamento 2021	0,00 €

e) Axuste por operacións internas*	
f) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN(c + d + e)	500,00 €

5. Límite de gasto non financeiro: Teito de gasto.

O artigo 30 da LOEOSF esixe ás entidades locais a mesma obriga que a Unión Europea ven esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

Neste sentido establece que as entidades locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria (0% de déficit para 2020, 2021, 2022 e 2023) e a regra de gasto (2,9%, 3,00%, 3,2% e 3,3 % respectivamente), que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Non se establece prazo para a súa aprobación, nin cal é o órgano competente para elo. Tampouco se dispón na Orden Ministerial a obriga de remisión de información sobre o teito de gasto.

Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria

Partindo das previsións de ingresos e gastos non financeiros para o Orzamento de 2021, obtemos os seguintes datos:

Capítulos 1 a 7 de Gastos	4.310.500,00 €
Axustes SEC gastos	0,00 €
Gastos non financeiros Axustados	4.310.500,00 €

Capítulos 1 a 7 de Ingresos	4.311.000,00 €
Axustes SEC ingresos	0,00 €
Ingresos non financeiros Axustados	4.311.000,00 €
Verificación CUMPRENTO obxectivo estabilidade	500,00 €

5. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA

O artigo 13 da LOEPSF establece a obriga de non rebasar o límite de débeda pública que foi fixado no 2,0 , 1,9 e 1,8 do PIB para o exercicio 2021, 2022 e 2023 respectivamente.

El Consorcio Provincial non ten débeda.

6.- REGRA DE GASTO

Dende que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación da crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19 mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, se adoptan polo Goberno un conxunto de medidas, por un lado, de carácter sanitario e de protección da seguridade das persoas, e, polo outro, de índole económico, nas que, a partir das actuacións e compromisos das institucións europeas se define un marco de axudas estatais e de reactivación da actividade económica e social.

No Real Decreto 27/2020 de 04 de agosto na Disposición adicional segunda. Suposto excepcional de aplicación da regra de gastos as entidades locais se expone que pola grave situación provocada pola pandemia, excepcionalmente no se exixira o cumprimento da regra de gasto ao subsector das Corporacións Locais durante o exercicio 2020.

7. CONCLUSIÓN

O proxecto de orzamento do exercicio 2021 do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento se axusta ó principio de estabilidade orzamentaria, producíndose unha **situación de equilibrio en termos de capacidade de financiación** de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

O Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento
NON TEN DÉBEDA.

Este é o informe que en cumprimento do imperativo legal se emite, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en dereito.

Ourense, a 08 de setembro de 2020

A interventora Xeral



Mónica Legaspi Díaz